

**COMUNICADO Nº149/21  
17 DE AGOSTO DE 2021**

**CARTA ABERTA DA XUNTA DIRECTIVA, DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, ÓS SEUS AFILIADOS E SEAREIROS:**

**Benqueridos Afiliados e Seareiros,**

Levamos xa case vinte meses de pandemia, tempo de moitas dificultades políticas que nos fixeron cambiar e adaptarnos a unha nova realidade de calendarios deportivos na tempada de 2021. Se o 2020 foi o ano da pandemia, e o principio do golpismo ós calendarios deportivos de Galicia, 2021 está a ser o ano da rexeneración dos organizadores, e das probas e Concellos que estaban a esperar a súa oportunidade para incluírse no exitoso Automobilismo Deportivo da Comunidade Galega, no seu retorno a normalidade con abundantes listas de participación. E co final da tempada, mermada nalgunhas especialidades coa chega da esperanza, a posibilidade de avanzar, o tempo da reactivación e tamén de traballar arreo por unha recuperación total con cohesión participativa, agora sen exclusións.

Ter un goberno progresista na Federación Galega de Automobilismo durante este tempo evidenciou que hai outro xeito de afrontar as crises do covid e políticas. Así, os órganos de goberno (Xunta Directiva, Comisión Delegada, e Asemblea) apostaron polo traballo e a reactivación, mentres outros adicavanse a difamar, ofrecer prebendas pecunarias, e facer candidaturas imposibles con eleccións inexistentes de difícil encaixe por moitos motivos de todos coñecidos; así como dun calendario paralelo aos galegos que están a acadar mais pena que gloria no eido participativo e carente de futuro.

Os novos Campionatos, os do 2022, se están a impulsar con políticas deportivas expansivas e reais, ó igual que en Francia e Italia como referencia, e optase por construír un escudo protector para defender ás Escuderías fieis, leais, persistentes nos seus fins de servir os intereses de Galicia e dos Galegos; sen venderse a Madrid nin o centralismo deportivo con intereses espurios e pouco confesables os ollos das Institucións Públicas Galegas as que lles venden insoñacións deportivas e económicas, no eido das subvencións a percibir, que non se axustan a verdade e que o único que fan e insultar ó Deporte de Base do Automobilismo de Galicia. Si o que na realidade e o que move aos seareiros e os deportistas da nosa comunidade. Ante unha crise tan grave, sempre se pode mellorar, pero podemos sentir o orgullo de pertencer a unha Federación que prioriza os intereses das Escuderías e dos Deportistas e a reactivación das fórmulas de promoción e das becas para os deportistas, en Galicia e para os galegos, que son as prioridades da Federación Galega de Automobilismo, que goberna para o interese xeral.

Mentres, na Galicia, atopámonos cunha Federación que lidera a reactivación do Automobilismo na Península Ibérica, con servizos de vehículos de rescate (R3, R4, R5, e R6), vehículo para os comisarios técnicos, microbús para as especialidades de Autocross e Karting, autobús para as especialidades de Montaña e Rallymix (modalidade creada en Galicia), equipos de cronometraxe con toma e publicación de tempos "online" con prezos de abono ao persoal exclusivamente. Algúns persoeiros, ven coñecidos por todos, carecen de compromiso ante os problemas dos diferentes Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, abandonaron o galego pola porta de atrás, manteñen un déficit de compromiso co Automobilismo Galego e un favor de intereses económicos de índole persoal, fracasaron nos seus viaxes ao nacional en busca de subir peldaños, deportivos e económicos, sen escaleira, cun notorio fracaso en tódolos eidos. O único que están a conseguir e debilitar as súas Escuderías, aumentando non só o fracaso senón o futuro inmediato.

Os e as membros, da Federación Galega de Automobilismo, levamos un plan con máis de trinta medidas para a reactivación do Automobilismo Galego, que xa está a dar os seus froitos, para fortalecer os servizos, modernizar os sistemas actuais, xerar deportistas con becas e probas ben organizadas e de prestixio... pero os esquiros preferiron enroscarse e deixar pasar a oportunidade de sumarse e non pretender dividir e devolver a Federación a Madrid a cambio de dous mendrugos de ... así que están sendo os directivos federativos actuais os mellores aliados da xente, a pesar das persecucións das nosas competencias con recorte de fondos.

Os organizadores, deportistas e seareiros sodes a proba de que outra Galicia non só e posible, senón que é necesaria para que o noso Automobilismo siga crescendo, sen trabas, sen zancadillas, e sen persecucións políticas.

A seguridade e a prudencia nestes tempos fronte as ilegalidades impoñe tamén na nosa organización, acostumada á convivencia, ao contacto, as Asembleas presenciais que agora non puideron celebrarse. Houbo que adaptarse os formatos dixitais, virtuais, ou a correos electrónicos e paralizar moita actividade colectiva e presencial. **Por iso activamos as Comisións de Traballo, coa máxima de Albert Einstein de que o xenio e as xenialidades fanse cun 1% de talento e un 99% de traballo**, celebrando encontros para abordar compromisos como os dos novos calendarios, nova beca, novo Supercampionato, novos organizadores, etc, etc, etc... e xa na metade do ano reunímonos, para publicar o novo calendario sobre todo de probas de estrada, en formato presencial.

Ademais, neste verán retomáronse encontros cos diferentes sectores do Automobilismo Galego, para poder falar directamente convosco, como parte do compromiso que existe entre todos para levar Galicia e ao seu Automobilismo onde está, no alto, o mellor, fixémoslo dende o primeiro día e así o seguiremos facendo.

Algúns ladran logo cabalgamos, pero todos somos conscientes de que os riscos da pandemia estableceron a prudencia como prioridade.

Neste novo tempo de reactivación e implicación de toda a familia de boa fé do Automobilismo Galego é moi importante porque por diante veñen tempos difíciles nos que algúns queren tensar o debate político-deportivo co fin de acceder ao goberno sen ningún tipo de mérito deportivo nin prestixio persoal. Así que todos temos que estar á altura das circunstancias e dar o mellor, porque é moito o que nos estamos a xogar, o futuro do Automobilismo Galego e da súa independencia de Madrid e doutros órganos externos que tentan dirixir os nosos destinos con medidas antidemocráticas. O horizonte das eleccións marcará tamén a nosa acción en Galicia, co reto de manter os resultados históricos que acadamos en tódolos eidos e tentar de melloralos. Podemos e sabemos facelo os resultados están a vista, **o medible non é opinable**, e na corresponsabilidade de todos e todas estará acadalo. Porque a Federación Galega de Automobilismo e os seus órganos de goberno teñen capacidade e forza, e toca seguir traballando arreo coa colaboración de todos e todas.

Nestes últimos catro anos pechamos o ciclo de moitas zancadillas tendenciosas e interesadas, coa máxima de sácate ti que me poño eu, pero sen ideas nen propostas de interese para o Automobilismo de Galicia. Superamos a moitas federacións en cantidade e calidade participativa, pese a pandemia e os esquiros organizativos, e nunca tivemos tanta representación e peso no deporte do Automobilismo como agora. **Temos que fortalecer a nosa unión e o noso exitoso proxecto galego, para os galegos**, sen dar opción ós españoleiros, esquiros.

Creemos que no noso "proxecto" para os próximos anos, temos que edificalo dende a continuidade, o galeguismo, o apoio decidido ao deporte de base, o feminismo, o respecto o ecoloxismo como eixos estratéxicos. Son pilares fundamentais sobre os que podemos construír bases exitosas nas que nos atopamos, e da reactivación e modernización do "Automobilismo de Base de Galicia". Non podemos esquecer a modernización e dotación de medios, dos que sempre fomos pioneiros, para crear benestar dixital. E para iso tamén necesitamos a implicación de todos e todas.

Para a Xunta Directiva actual é unha honra que lle tocara vivir a fronte da organización os tempos mais complexos. Con acertos e erros, pero sempre comprometidos co noso deporte e os galegos e Galicia. Sempre entendendo o noso Automobilismo como un proxecto colectivo de todos, por riba de calquera clave persoal, e sendo donos das nosas verbas e tamén dos nosos silencios obrigados e impostos polo poder establecido aos que obriga a responsabilidade. **Seguimos sendo os mesmos seareiros que fai trinta anos, coa mesma ilusión, e mantendo a mesma inqueda pola xustiza social, pola debida liberdade de expresión, por unha galegitude total sen dúbidas de ningún tipo.** E o momento de seguir conducindo, de seguir avanzando, de seguir traballando con todos vos para fortalecer o "Automobilismo de Base de Galicia", aprendendo dos anos e continuar ao igual que nas últimas tempadas en Galicia. Nos xa estamos nesta tarefa, e sabemos quen é cada un e cada unha de vós tamén, por iso contamos co voso apoio e adicación esperando que poidamos saudarnos pronto, **polo que só cabe enviarvos unha fonda e agarimosa aperta.**

Xunta Directiva da Federación Galega de Automobilismo